



DITAME SOBRE OS PROXECTOS DE DECRETO POLOS QUE SE ESTABLECEN OS CURRÍCULOS DAS ENSINANZAS DE:

- Técnico Deportivo e Técnico Deportivo Superior en Balonmán.
 - Técnico Deportivo e Técnico Deportivo Superior en Baloncesto.
 - Técnico Deportivo e Técnico Deportivo Superior en Atletismo.
-

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 15 de xullo de 2008, emite o seguinte ditame en relación cos Proxectos de decreto polos que se establecen os currículos das ensinanzas de Técnico Deportivo e Técnico Deportivo Superior en Balonmán, Técnico Deportivo e Técnico Deportivo Superior en Baloncesto, e Técnico Deportivo e Técnico Deportivo Superior en Atletismo.

1. O Consello Escolar de Galicia propón que se inclúa un novo parágrafo no preámbulo en todos os Proxectos de decreto, que iría antes do último parágrafo e co seguinte texto:

“No desenvolvemento do presente decreto por parte dos centros educativos terase en conta o disposto no artigo 11º do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e promoción do galego no sistema educativo”.

2. No *artigo 7.- Requisitos de acceso e promoción* dos tres Proxectos de decreto, no seu parágrafo terceiro (Balonmán, páxina 5, liñas 15-17; Baloncesto, páxina 6, liñas 6-8; Atletismo, páxina 5, liñas 1-3) dise textualmente: “Para acceder ao grao superior será necesario ter o título de Bacharel ou equivalente para os efectos académicos, así como o título de técnico deportivo na correspondente modalidade ou especialidade deportiva”, propónse a substitución de: ***“na correspondente modalidade ou especialidade deportiva”***, pola expresión: ***“de balonmán”***, ***“de baloncesto”*** ou ***“de atletismo”***, segundo o Proxecto de decreto de referencia.
3. Para o *artigo 23.- Relación de alumnos por aula*, dos tres Proxectos de decreto propónse un texto de engadido ao final do parágrafo, que diga: “O alumnado repetidor terase en conta para a rateo”.
4. Para o *artigo 28.- Requisitos de titulación do profesorado*, dos tres Proxectos de decreto, propónse engadir un novo apartado, co seguinte texto:

“3. Para a demostración da competencia en lingua galega o profesorado acreditará estar en posesión do Celga 4 ou ter realizado o curso de perfeccionamento”.



5. O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que revise a **Disposición transitoria segunda. Extinción do período transitorio** dos Proxectos de decreto polos que se establecen os currículos das ensinanzas de técnico deportivo e técnico deportivo superior en atletismo e baloncesto, xa que faltan os tres primeiros parágrafos da dita Disposición transitoria segunda que si aparecen na do Proxecto de decreto polo que se establece o currículo das ensinanzas de técnico deportivo e técnico deportivo superior en balonmán.

6. Por último, recoméndalle tamén á Administración educativa que inste aos organismos pertinentes a que revisen a lexislación actual para poder abordar os cambios necesarios que posibiliten que o profesorado das especialidades de informática, tecnoloxía e inglés, poida impartir o bloque complementario dos tres currículos das ensinanzas deportivas. (Anexo V dos Proxectos de decreto).

O Secretario

Asdo.: José Alejo Losada Aldrey

v. e pr.
A Vicepresidenta

Asdo.: Milagros Blanco Pardo